

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 12/02/2024
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LUZ MARIA ABALO PÉREZ
LINO MOURIÑO SANTIAGO
SONIA OUTÓN CASAL
DIEGO GARCIA SANTIAGO
CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN
PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

GUILLERMO BUCETA GAMALLO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 12/02/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos/as concelleiros/as indicados/as, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 05 de febreiro de 2024, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/0389

Dáse conta da proposta do Departamento de Informática de reposición mediante compra de oito terminais básicos de telefonía móbil para distintos departamentos do Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a compra de oito terminais móbiles para diferentes servizos da casa consistorial á empresa Servizos Técnicos Integrados del Noroeste, S.L. por un prezo de 596,29€ IVE incluído, con cargo á partida 9201.213.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0444

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Reformas Trebol, S.L. para a reparación do canlón do CEIP Aralde, por un importe total de 1.185,80€ (IVE incluído), con cargo á partida 320-212.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0456

Vista a proposta do Servizo de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Tarrío y Suárez, S.L., para subministro de seis bancos a instalar no parque do Piñeiriño e na rúa Camilo José Cela, por un importe total de 2.034,02€ (IVE incluído),

con cargo ás partidas 171-625.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0457

Dáse conta da acta de reunión o día 25 de xaneiro de 2024, co Concelleiro de Servizos e Medio Rura0, os Mestres Composteiros con representantes da empresa concesionaria do servizo limpeza e recollida de residuos urbanos, Urbaser, SAU. para tratar diversas cuestións en relación á implantación do servizo. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2024/0450

Dáse conta da publicación no DOG nº 17, de 24 de xaneiro de 2024, da Orde do 27 de decembro de 2023 da Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de Renda de Integración Social de Galicia (RISGA), e se aproba a convocatoria para o ano 2024 (TR351F).

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a solicitude á Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade ao abeiro da citada Orde, dunha subvención para a contratación de 10 traballadores/as desempregados/as durante 9 meses, a xornada completa, sendo a xornada de traballo subvencionada como máximo do 75%:

- 6 Peóns traballadores de Conservación de parques urbanos, xardíns históricos e botánicos
- 4 Peóns forestais

Aprobar a aportación municipal por un importe de 49.141,80 €, sendo o custo total dos contratos de traballadores/as durante 9 meses de 123.503,40 €

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2024/0380

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a organización dun Taller de Instrumentos de Corda Pulsada do Renacemento e Barroco "ICPRB", organizado pola profesora M^a Begoña González Larriba, previsto na Programación Xerral do centro para o curso 2023-2024 e impartido pola profesora Uxía Delgado Izarra, que terá lugar o vindeiro venres 1 de marzo de 2024 ás 16:30 horas nas instalacións do Conservatorio Profesional de Música unha duración de dúas horas lectivas, e sen custo para o Concello.

PRP2024/0386

Logo da exitosa VI edición do Festival Internacional de Música clasclás, que tivo lugar entre o 26

de xuño e o 1 de xullo do ano 2023, a Dirección do Festival clasclás , a instancias do Concello de Vilagarcía ten elaborado o Proxecto da VII edición do Festival, que terá lugar entre o venres 21 e o sábado 29 de xuño de 2024.

O clasclás distribuirá a súa actividade da VII edición en diversos programas diferenciados:

- Programa Artístico.
- Programa de Masterclasses.
- Programa Social e Comunitario.
- Programa clasclás a pé de rúa.

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o Proxecto da VII Edición do Festival Internacional de Música clasclás 2024, que terá lugar entre os días 21 a 29 de xuño de 2024, de conformidade co proxecto presentado.

PRP2024/0383

Vista a proposta a Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar os servizos de planificación, xestión e mantemento das redes sociais e páxina web do Festival Internacional de Música clasclás para o ano 2024 a Dona Cristina Durán Recuna con NIF 35476266P polo importe total de 1.984,40 € (1.970,00 € + 413,70 € do IVE) desagregado nun primeiro pago de 1984,40 € (1.640,00 € + 344,40 € do IVE) desagregado nun primeiro pago de 798,60€ (660€ + 138,60 € do IVE) correspondentes aos meses febreiro – marzo e un segundo pago de 1.185,80 € (980,00 + 205,80 € do IVE) correspondente aos meses de abril – xullo de 2024, con cargo ao Proxecto financiado con RRPP do orzamento do festival clasclás para o ano 2024. (partida orzamentaria 3261.22706).

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2024/0401

Dáse conta do escrito presentado o día 30 de xaneiro de 2024 pola Empresa Espina&Delfin no que se informa que na da EDAR de Ferrazo, produxose un desbordamento da capacidade máxima da planta.

Comprobouse que a instalación estaba a traballar correctamente e co bombeo de entrada atopábase funcionando ao máximo da súa capacidade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2024/0451

Como cada ano a convocatoria do Premio pola Igualdade na Escola leva aparellado un traballo de difusión da actividade, perante a entrega de material informativo en cada un dos centros. Debido á baixa médica de persoal da área non se poden levar a cabo estas visitas aos centros

polas profesionais do servizo da Área de Igualdade.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por VIÑAS PUBLICIDADE SL, para o reparto de material informativo en todos os centros educativos do Concello, por un importe total de 181,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2024/0448

Vista a solicitude de Dona Raquel García Sanz, en representación de 2023 Mundo Teatro SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 19, 20 e 21 de marzo de 2024, durante todo o día, para a celebración dun espectáculo dirixido a centros educativos de educación infantil, primaria e secundaria da Provincia de Pontevedra, cun prezo de entrada único de 10,00 €, sendo a recadación para o solicitante, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Salón de Actos do Auditorio: 3 días x 264,70 € = 794,10 €
- Responsable de sala: 26 horas x 10,20 € = 265,20 €
- Operarios (2): 26 horas x 10,20 € = 265,20 € (cada un) x 2 = 530,40 €

TOTAL: 1.589,70 €

Deberán acreditar o pago das taxas para poder acceder ás instalacións.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2024/0449

Vista a solicitude de D. Lluís Rovira Yagüez, en representación de Traseduca Accio Educativa SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 20 de febreiro de 2024, en horario de 8:00 a 15:00 horas, para a representación da obra de teatro "El Lazarillo de Tormes", para alumnado dos centros educativos de educación infantil, primaria e secundaria de Vilagarcía de Arousa, cun prezo de entrada único de 6,70 €, sendo a recadación para o solicitante.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Será responsabilidade da solicitante o control de aforo á sala solicitada.

Deberá presentar na Concellería de Cultura copia de póliza de seguro de responsabilidade civil e accidentes, así como recibo de aboamento da mesma.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

	DÍAS-HORAS	PREZO DÍA/HORA	IMPORTE
Salón de Actos do Auditorio	1 día	264,70 €	264,70€
Responsable de Sala	7 Horas (estimativas)	10,20 €	71,40 €
Operario (2)	7 horas (estimativas)	10,20 €	142,80 €
TOTAL			478,90 €

Deberán acreditar o pago das taxas para poder acceder ás instalacións.

Dar conta ao Departamento de Rendas.

CONTRATACIÓN

PRP2024/0018

Dáse conta do recurso de reposición interposto o día 27 de decembro de 2023, por Servicioc, Cultura, Deporte y Recreación, S.L., contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 27/11/2023 polo que se dispón o peche temporal da piscina municipal cuberta e climatizada de Fontecarmoa, no que solicita o seguinte:

1- A compensación de todos os gastos que conleve o peche ds isntalacións, unha vez xustificadas éstos, e non únicamente en sentido estrito os de "persoal e mantemento".

2- Que o compromiso desta compensación deberá extenderse á duración da totalidade da obra, non solo no primeiro mes inicialmente previsto.

Dáse conta do informe da Xefa do Servizo de Contratación sinalando entre outras cousas, que a asunción de gastos por parte do Concello e por parte de Servicioc debe ser proporcional aos espazos e servizos que progresivamente se vaian abrindo ao público e prestando aso usuarios da piscina. Durante o período de peche total da instalación da piscina, Servicioc únicamente terá gastos, e non obterá pola explotación de dita instalación ingreso algún, pero unha vez se abran progresivamente ao público espazos e se presten servizos, Servicioc comezará a obter ingreso e non só gastos.

Podería determinarse a porcentaxe de gastos a aboar polo Concello en función dos informes que a Dirección de Obra puidera emitir sobre os espazos que se poden abrir ao público en cada momento e dos servizos que poidan prestarse en ditos espazos. Logo da xustificación dos gastos e ingresos obtidos por Servicioc, fixaríase o importe a aboar polo Concello.

En base ao exposto a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o citado recurso.

Acórdase así mesmo que Servicioc pase ao cobro, aos aboados o 50% do importe das cotas dos cursos e outras actividades, a partir do 1 de marzo e ata o 18 de abril de 2024, data aproximada de terminación das obras.

PRP2024/0399

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, Mobilidade e Educación, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro de 30 Chip Ibutton para recambio e reparación das bicicletas do VaiBike a Instituto Tecnolóxico de Castilla y León, por un importe total de 127,05 € (IVE incluído), con cargo á partida 134.22699, de conformidade co orzamento

presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/0445

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 30 de outubro de 2023, adxudicouse o contrato denominado "Reforma e mellora das instalacións e piscinas de Fontecarmoa" á mercantil PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A., por importe de 411.219,59 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 86.356,11€, o que totaliza un importe de adxudicación (IVE incluído) de 497.575,70€, que se financia con cargo a fondos FEDER a través da estratexia EDUSI VILAGARCÍA AVANZA, dentro da liña de actuación denominada VLG_A08_GENOFER: Xeración da oferta deportiva, turística e cultural, operación: FCL01GA1813: Impulso e promoción da oferta deportiva de Vilagarcía de Arousa.

O contrato administrativo foi asinado con data 14 de novembro de 2023, cun prazo de execución de 2 meses contados a partir do día seguinte ao da firma da acta de comprobación de replanteo, que foi asinada con data 4 de decembro de 2023.

Con data 23 de xaneiro de 2024 (registro WEB2024000461), don Daniel Ortega González, en representación da empresa adxudicataria PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A., solicita ampliación de prazo de execución por 2 meses e medio, que fundamenta en que durante a execución da obra apareceron unha serie de deficiencias na instalación.

Tendo en conta todo o exposto, os documentos obrantes no expediente e o informe favorable do director de obra, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a ampliación do prazo de execución do contrato, con efectos desde o 5 de febreiro de 2024, ata o 18 de abril de 2024.

PRP2024/0461

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de subministro de "adquisición e substitución das pezas danadas nas cadeiras do Salón de Plenos" á Empresa Teleservicio Instalaciones de Oficina SL, por un importe total de 211,75 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.215, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2024/0464

Visto o expediente de gasto INT/2024/26 integrado pola relación de xustificantes F/2024/4 por importe de 101.656,27€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: En virtude do establecido na Base 21 do orzamento, Imputar o gasto do exercicio 2023 aos créditos das aplicacións do orzamento corrente (2022 prorrogado), segundo se indica.

SEGUNDO: O Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/4 por importe de 101.656,27€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nome	Texto Explicativo
---------------	-----------------	------------	---------------	----------	-----------	------	-------------------

F/2024/13	VIG01 23009213	31/12/2023	3.458,58	2311	22701	GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.	SERVICIO DE PREVENCIÓN Y ASISTENCIA A DROGODEPENDIENTES (SPAD) / IMPORTE DE LOS SERVICIOS DE VIGILANCIA / PRESTADOS EL M
F/2024/18	C1 C123004014	31/12/2023	4.406,82	132	204	AUTOS IGLESIAS, S.L.	ALQUILER (FORD KUGA ST-LINE X 2.5DURATEC FHEV 190 CV AUT. - 0585-MKM) / ALQUILER (FORD KUGA ST-LINE X 2.5DURATEC FHEV
F/2024/21	61	31/12/2023	936,00	2311	22706	BARRAL NUÑEZ, MAR	Taller de Ceramica no Cento de Día Mes Decembro
F/2024/24	F 240033	02/01/2024	1.815,00	2314	22610	PRF MUSICA CB	Actuación Somoza Trío 31 diciembre 2023 - campanadas 12.00h
F/2024/39	46 23	18/12/2023	2.475,00	912	22601	GOAHEAD RESTAURACION 2020 SOCIEDAD LIMITADA	SERVICIO DE HOSTELERIA 90 PAX pincho Nadal concello aprobado en la Xunta de goberno local del 18 / 12 / 2023 (SERVICIO
F/2024/41	A24- 1	03/01/2024	484,00	2314	22610	ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L.	Instalación eléctrica mediante cuadro el día 31 de diciembre en la Plaza del Concello en el Excmo. Concello de Vilagarcía
F/2024/42	A24- 2	03/01/2024	181,50	2314	22610	ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L.	Alquiler de 25 pasacables para el día 31 de diciembre en el Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa. Según presupuesto 3
F/2024/59	240 23	08/01/2024	2.783,22	2314	22624	SERVIPLUSTOTAL, S.L.	SERVIZO BÁSICO DE CAMPAMENTOS URBANOS EN PERIODOS VACACIONAIS: NADAL 2023. (Do 22 de decembro do 2023 ao 5 de xaneiro d
F/2024/60	Cult- 9982023	31/12/2023	1.331,00	2314	22610	CULTURACTIVA SOC. COOP. GALEGA	Fra. Cult-998/2023 realización de dous números de acrobacias aéreas, a cargo de Desastronauts, o día 31 de decembro de 2
F/2024/68	OU24 225	09/01/2024	7.810,00	338	22699	DISTRIBUCIONES CARBALLO, S.L.	BLANDO FRUTAS 2kg.=310u.(aprox.) DUPONT (DP 05) (PALET (desde Julio 2016): 56 CAJAS x 6 BOLSAS) / PICTOLIN CRIST
F/2024/69	OU24 227	09/01/2024	2.079,00	338	22199	DISTRIBUCIONES CARBALLO, S.L.	BLANDO FRUTAS 2kg.=310u.(aprox.) DUPONT (DP 05) (PALET (desde Julio 2016): 56 CAJAS x 6 BOLSAS) / PICTOLIN CRIST
F/2024/72	SASE24- 212	05/01/2024	4.155,62	4311	22799	SASEGUR, S.L.	SERVICIO DE VIGILANCIA Y SEGURIDAD PRESTADO EN SUS INSTALACIONES DE CONCELLO DE VILAGARCÍA, CONFORME AL PRESUPUESTO: SE
F/2024/73	SASE24- 213	05/01/2024	279,97	4311	22799	SASEGUR, S.L.	TASA GUBERNATIVA CORRESPONDIENTE AL SERVICIO DE SEGURIDAD PRESTADO PARA EL MERCADO NAVIDEÑO 2023-2024 DURANTE EL PERÍODO
F/2024/98	23- 63	28/12/2023	1.811,85	150	640	REDONDO VALLADARES RODRIGUEZ ARQUITECTOS, S.L.P.	Dirección de obra de Reforma de local situado en rúa Castelao nº 7 de Vilagarcía de Arousa, para Biblioteca Municipal, c
F/2024/102	01/2024	11/01/2024	3.025,00	4311	22799	CRAFTIUM S.L.	Hito 3- Mes de decembro de 2023 - Asistencia técnica integral para a organización e desenvolvemento do concurso de inici
F/2024/107	Emit- 124	12/01/2024	429,55	920	215	TELESERV. INSTAL. OFIC.,SL	Silla TRIM TR58 tex, brazos 2D, sincro, lumbar, base y marco respaldo poliamida negra, tapizado T82 negro.
F/2024/34	Art- 01662023	31/12/2023	484,00	2314	22610	ARTEFEITO, S.C.G.	Fra. Art-166/2023 presentación a cargo de Fran Rei, o día 31 de decembro de 2023, da Toda das Uvas 2023, en Vilagarcía d
F/2024/363	2024 1010002	17/01/2024	600,00	338	204	CUIÑA, S.L.	05/01/24 - ALUGUER AUTOCAR HISTÓRICO PARA CABALGATA DE REIS
F/2024/364	E 78	20/11/2023	1.056,00	164	22699	MIGUENS NAVIA, CARMEN	CORONAS COLOCADAS EN LAS PUERTAS DE LOS CEMENTERIOS
F/2024/451	Emit 109	18/01/2024	4.840,00	920	22604	BALTAR ABOGADOS Y ASESORES TRIBUTARIOS SLP	SERVICIOS ASESORAMIENTO - PRIMER HITO- PRESENTACIÓN DE LA CONTESTACIÓN DE LA DEMANDA (CONTRATACIÓN PRP 2023/4845).
F/2024/4	0002- 2024	01/01/20	3.327,50	2314	22610	TITO LEAS , S.L.	SONORIZACIÓN, ANIMACIÓN, Y

53		24					RETRANSMISION XXII TOMA DE UVAS
F/2024/4 54	A 4829	22/12/20 23	1.570,00	231	22610	BONVEHI SAN MARTIN, KATIA MARIA	SESIONES DE FISIOTERAPIA EN CLINICA SAF DICIEMBRE (Oficina ContableL01360600 Intervención General Órgano GestorL0136060
F/2024/4 92	Fact. 23- 131	24/01/20 24	634,04	931	22706	LAGARES OCAS, S.L.	Servizo de Consultaría e asistencia técnica en materia de xestión catastral. - Tramitación de expedientes de alteración
F/2024/4 93	Fact. 23- 134	24/01/20 24	211,75	931	22706	LAGARES OCAS, S.L.	Servizo de Consultaría e asistencia técnica en materia de xestión catastral. - Tramitación de expedientes de alteración
F/2024/5 09	Emit- 5	24/01/20 24	715,00	338	22699	GONZALEZ CHEMENDEZ, YOAN	CATERING CABALGATA
F/2024/5 13	138	31/12/20 23	90,75	334	22703	OTERO ZAS, VERONICA	LIMPIEZA BAÑO CENTRO CULTURAL TRABANCA BADIÑA MES DE DECEMBRO 2023.CULTURA
F/2024/5 20	02	03/01/20 24	6.776,00	150	640	MILLAN ARMAS, JOSE MANUEL	40 % HONORARIOS DA DIRECCIÓN DA EXECUCIÓN MATERIAL DE OBRAS PARA REPARACIÓN DE ESTRUCTURA E CUBERTA PABELLÓN FONTECARMOA
F/2024/5 21	01	02/01/20 24	4.840,00	150	640	MILLAN ARMAS, JOSE MANUEL	40 % HONORARIOS DA COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SALUD DA OBRA""REPARACIÓN DE ESTRUCTURA E CUBERTAPABELLÓN FONTECARMOA""
F/2024/5 30	Emit-24- 8	23/01/20 24	719,95	338	22199	PIROTECNIA PENIDE, S.L.	ANTORCHA PARAFINA 90 MINUTOS CABALGATA DE REIS 2024
F/2024/6 06	0 000003	31/01/20 24	29.694,61	171	62500	NELMAR, S.L.U.	Reparación de pérgola no Parque Miguel Hernández
F/2024/6 71	361	29/01/20 24	5.414,75	4311	22799	ALCAINE TORRES, DIEGO	ASISTENCIA TÉCNICA PARA A XESTIÓN DA PLATAFORMA DE VENTA SONS DA CADA.CAMPAÑA NADAL 2023.
F/2024/7 15	01/24	31/01/20 24	1.041,81	2312	22604	PEREZ PADRON, M ^a PURIFICACION	HONORARIOS SERVICIOS PRESTADOS POLA LETRADA NA AREA DE IGUALDADE DO CONCELLO DO MES ENERO
F/2024/7 19	2024/05	02/02/20 24	2.178,00	150	22706	ALVAREZ GONZALEZ, OSCAR	HONORARIOS PRESTACIÓN DE SERVICIOS ASISTENCIA TECNICA DE ENXEÑERIA MES XANEIRO
		TOTAL	101.656,27				

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.